

04 XUÑO DO 2009 - NÚMERO 773

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Europa multilingüe

O próximo domingo, sete de xuño, a Unión Europea celebra as eleccións ao seu parlamento, uns comicios aos que están chamados a participar os habitantes dos seus 27 países membros. Marcados sempre por unha elevada abstención que evidencia o abismo que separa as institucións da UE e os cidadáns, estes comicios parece que se converterán, en plena crise do modelo económico neoliberal, nun referendo do continente cara aos partidos da dereita, coas formacións Merkel, Berlusconi, Sarkozy, Rajoy ou David Cameron como favoritas. Galicia acode ás eleccións a través de varias candidaturas, a máis numerosa a que representa ao **BNG** na lista de **Europa dos Pobos-Verdes**, xunto a formacións como ERC e Aralar.

A constitución en verso

Ana Miranda aparece nesa lista no segundo posto. Seis galegos figuran, así mesmo, na candidatura **Iniciativa Internacionalista**, co escritor e candidato ao Nobel de Literatura Xosé Luís Méndez Ferrín de número tres pola **Fronte Popular Galega**. Menos galegos, porén, aparecen nas listas maioritarias: tanto o **Partido Popular** (PP) como o **Partido Socialista Obreiro Español** (PSOE) contan con só dous representantes do país, ningún en postos de cabeza. En **Esquerda Unida**, Leticia Piñeiro (número 14) é a única galega. O monográfico que hoxe presentamos é unha selección dos textos da Constitución Europea en verso, un proxecto no que estivo directamente involucrado Xavier Queipo, unha especie de embaixador cultural de Galicia en Bruxelas. Os versos do propio Queipo aparecen nesta selección xunto a outros de Antonio Gamoneda, Fabio Scotto ou Narcís Comadira, entre outros.



PREÁMBULO

[nothing]

nie mówcie Europa mówia mówcie Smierc

Ik zit in een verkoolde woestenij
Te kijken naar een roze wolkenrand
(De sporen van een gloed, voorgoed voorbij)
En oude sintels uit een oude brand,

nie mówcie Europa mówia mówcie Smierc

Europa dat flakkert en bloedt en versmacht,
Karwatsen en brandstapels, galgen en gas,
Europa, geschiedenis, troebel filtraat,
Slagvelden, klaprozen, grafzerken, haat.

nie mówcie Europa mówia mówcie Smierc

Veo lana sangrienta y, en los alimentos, grasa mortal,
pústulas negras y, bajo ramas
inmoviles, números infecciosos.
Arden los huesos, oigo la fermentación del rocío : lloran
los árboles torturados.
Hay llagas sucias en la luz, veo el temblor de las últimas
aguas

nie mówcie Europa mówia mówcie Smierc.

[Antonio Gamoneda / Geert van Istendael / Gerrit Komrij / Leszek Szaruga]

[mornings]

Non queremos himnos nin fanfarras
Non precisamos de entoar todos a unha
Cancións de morte e adobío de metais
Con percusión de feira e de cornetas
Mentres os líderes gaguexan consignas absurdas
De diferenza, medo e dereitos exclusivos

Queremos todas as músicas, os instrumentos todos
Todos os sons abertos ao diálogo
Concertos de melodías sincopadas

Acordar. Acordar.
Abrir as fiestras ao ritmo que asolaga as rúas
To sounds and voices, the beginnings of music.

Che sia sempre mattino

Hisset ötekinin ritmini
Al senin bu ısırgan, denizlalesi
Ezgilerinle tara Ege'nin saçlarını
Okia Kuzey Denizi'nin tuzlu tenini

Che sia sempre mattino

[Fabio Scotto / Kader Sevinç / Xavier Queipo]

[voices]

We, Europe,
Ne trempons pas nos pinceaux dans un encrier
d'indécences
Usemos, pois, a tinta negra coma se fose ouro
Usemos, pois, o verbo doce coma se fose un bálsamo

Zwart als de ziel van het oude Europa,
Geurig als verzen en brood uit Europa.
We kennen de wortels, de kruinen van woorden,
De bloem en de droesem, de mest en de melk.

Hullen wij ons in vale, versleten gewaden,
Reizen wij naar hutten en woestijnen,
Reizen wij naar zwepen en honger,
Zingen wij een helder gebed

Για να φανειτο χαλασμα το ρηγμα η απουσια.
Για να εκτιμηθει η προσπεθεια η αποτυχια το εργο.

[Geert van Istendael / Haris Vlavianos / Manza / Xavier Queipo]

A CONSTITUCIÓN

Article 1

Dende o inicio todo transpira desorde.

[Xavier Queipo]

Article 2

Que ça bouge, que ça crie, que ça danse, que ça chante,
que ça milite
Que ça conteste, que ça vive, que ça décrète, que ça
féconde, que ça s'illumine
En des nuits blanches où rien ne se perd et où tout se
gagne, se dessine
Comme par pures évidences, des envies denses

[Manza]

Article 3

Sempre hai unha orde que xorde do magma da desorde.

[Xavier Queipo]

ARTICLE 4

Ni frontières, ni stratégies, ni faux parti pris,
Ni les cris, le mépris ou la mairie,
Ni le cuivre, ni le gibier, ni le métier,
Ni le troupeau bêlant ni la meute

Ni les flagellants ni la horde
Ni les courbettes ni le coup de Jarnac
Het zijn de poorten niet,
de poorten van de stad,
Het zijn de zwervers niet,
hun lokkende verhalen niet
De vliegeniers, de generaals,
zij zijn het niet, zij zijn het niet
Pas de douaniers en habit vert ! Pas de Père Ubu
Ici ou là, ni en Pologne ni nulle part ailleurs. Pas de ça !
Pas d’au pas, camarades, au pas ! Au pas ! Au pas !

[Abdellatif Laâbi / Geert van Istendael / Jean-Pierre Verheggen / Manza]

Article 5

Sen caos non hai evolución.

[Xavier Queipo]

Artigo 8

Ninguén construíndo nas ruínas de guerras pasadas
Ninguén levando conta de aldraxes inflixidas con escarnio
Ninguén procurando satisfacción de latrocinios rescatados
Dos escuros labirintos da memoria colectiva

O futuro é onde todos comezamos a sonar
Que importa que en tempos queimásemos as naves
Que importa que a peste negra decimase ás nosas xentes
Que importan as violacións, a fame,
O tremedal aleatorio das fronteiras
As bágoas lambendo a pedra dos sacrificios
O futuro é onde todos comezamos a sonar
Os que agora chegan en caiucos arfando esperanza polos poros
Os que percorren medio mundo fuxindo do medo e da miseria
Todos eles, de brazos con aletas e branquias abríndose na gorxa

[Xavier Queipo]

Article 9: The Union

Un ollo no centro do labirinto amosa
portas fechadas dende a última guerra,
fiestras inzadas de liques incrustantes
e a marcha elemental dos caracois,
esvarando sobre descoloridas follas,
amolecendo os espíritos sinxelos.

Demasiado vella para volver nacer,
fica a marca que en si mesma publicita
as varias culturas mesturadas.

Non hai no extremo un punto
que arredor non teña un círculo de cinza.

Que raro vivir na cerna lamacenta do labirinto sen saída,
na expansión do fulgor da multitude.

[Xavier Queipo]

Artículo 13

As leis a anos luz da realidade.
Mares de dúbidas.
Tensión de superficie.
pompas de xabón nun estanque triste.

As leis sempre a remolque de pensamentos e necesidades
de usos e costumes, do amor que non ten fronteiras
ou do capital sempre refractario a elas.
Reacción e obstáculos ata que prende a chama–

[Xavier Queipo]

Artículo 14

A forza do discurso xa non pode deter o imperio da mestura,
das rulas que anuncian o solpor e os reiseñores que cantan na alborada
Tantos tons, tantas pedras ocultas, e augas, e praderías,
tantas pulsacións da voz, tantos mitos pasados e futuros
Mio Cid morto e dacabalo, Sigfrido defendendo o anel dos Nibelungos
Beowulf contra todas as potencias e Rolando facendo soar o corno de chamada.

Mais tamén aqueles que a memoria garda na sagrada caixa dos tesouros:
De Abarís a seta que circunvalou o mundo, de Xasón a ousadía na aventura,
de Héctor a afouteza na batalla, de Patroclo o compromiso de renuncia,
de Ulises a paixón polo retorno á serena madurez de Ítaca e Penélope,
de Ícaro o soño de voar que o levase a queimar as alas...

O mar anuncia mitos novos, e a forza do vento detense no imperio da mestura na espera de Godot

[Xavier Queipo]

Article 16: Het bestuur

Si Auden va cantar la pedra calcinal
perquè la dissol l'aigua i es deixa afaïçonar,
perquè, lenta, s'omple de gorgs i coves,
perquè cau gota a gota, desfeta,
i es torna estalactites i estalagmites,
boscós subterranis trencadissos,
perquè a les seves clivelles gairebé sense terra
hi creix la farigola o potser un pi retort i escardalenc,
jo ara vull cantar unes pedres més dures.
El granit, per exemple, una pedra difícil,
amb les vetes de quars, el guspireig de mica, el color gris o rosat. I m'agrada el granit perquè forma
espadats vora mar, perquè contra el granit
hi baten les onades de tempesta, perquè només els segles
el poden triturar, fent-ne platges de sorra granada,
perquè a l'alta muntanya, és la neu qui l'esberla,
qui el trenca i en fa trossos, el transforma en tartera,
però mai el granit no permet que l'aigua o que la neu
hi excavi baumes, còrrecs amagats, no, el granit
solament es trenca i, cantellut, acaba fent-se sorra,
o abans, arrossegats per un doll d'aigua brava,
xoquen entre ells els trossos i dringuen i s'arrodoneixen

i es fan palets i macs i, més menuts, acaben
sent un pedrigoleig de confits.
També el basalt, premsat pels sotrac de la terra,
canto, que és dur i és negre i fa columnes en cingles
i en penya-segats, en territoris on fa segles i segles
els volcans escopien lava i bombes ardents.
I també la pissarra, negre i bituminosa,
amb reflexos de plom i taques de rovell,
que es deixa tallar a llesques, per tornar-se trespol,
per tornar-se teulat,
perquè l'aigua hi rellisqui o la neu hi reposi en grans tous.
La pissarra que el mar i els rius i el vent
la poden tornar còdols
i així hi ha platges negres que besa la mar blava.

[Narcís Comadira]

Article 17: The status of violence

Hemos perdido las garras, el filo de los colmillos,
en lugar de rugir decimos buenos días y por favor.
Pero la fiera nos acompaña y nos habita,
al acecho aguarda, paciente, su hora.

Hay que mirarla a los ojos, nunca
negar su existencia ni su ira,
mostrarle el cuchillo pero no la sangre,
saber que también ella tiene sus razones.

Bienaventurados los que recelan de la mansedumbre,
benditos los que en sus propias entrañas
escuchan las protestas de la rabia.

No bastarán la ley ni la fuerza:
si la matamos caeremos muertos,
si le damos de comer nos devorará las manos.

[José Ovejero]

Article 22: The right to remember

Les llargues nits als refugis, les bombes,
el cant de les sirenes, tot retorna
al dolç captard burgès. ¿No te'n recordes?
Que llunyanes les ombres, els globus captius,
les llargues nits als refugis, les bombes.
I aquells adolescents morien a milers
i s'han podrit sota tants camps d'Europa
i són llavors de fàbriques, de carbó i remolatxa,
petits crims passionals, bicicletes,
formigó i horitzons, camins i agricultura.
Les barcases van lentes pel canal.
Tulipes i mantega bressolen cabells rossos,
cossos alts que s'engreixen, concebuts
en captards de misèria, les bombes,
llargues nits als refugis, tot retorna,
el cant de les sirenes, les guerres mundials.

Ara, Herr Hitler, podeu donar la volta.
¿Quants terrossos voleu en el somriure?
—Totes les noies d'Europa m'obliden,
dolç, petit cor de pelfa acotxat amb murmuris.

[Narcís Comadira]

Article 24: The right to laziness

El buen jardinero aprecia la sombra del manzano.

[José Ovejero]

Article 25: quater

Sometimes my hand is like a roof over your head.

I lay that piece of arm,
that lower piece of arm on your head
and it's like rubberizing your cranium.
My eyes are plastic white
like my toothbrush and other items.

Puf ! Puf ! Puf !

This is the sound of my microwave.
This is the sound.
The sound that gets warmer when it vibrates, when it
waves
not like corrugated iron, not like that at all.
But sometimes your hands are like a roof over my head,
and the sound of the two of us eating popcorn is a mess.

[Louise Rosengreen]

Article 29: The right to slowness

A sentir a lentitude medrando coma hedra
polas pernas e os xeonllos
Enroscándose nas inguas e no van, rubindo polas costas
Envurullando o colo, a gorxa e as meixelas
O lento madurar do sangue e os fluídos.

[Xavier Queipo]

Article 32: The right to traslation

Oh versos amics que us van traduïnt
d'una en l'altra llengua i formeu cent rius
a través d'Europa que es torna un desert,
¿quan remuntareu el curs traduït
tornant a l'origen i molt més enllà:
tornant a ser pluja, al núvol, al cel
que us va veure néixer? ¿Quan retornareu,
desfent el camí, al cim de les serres,
fluïnt com fronteres sense esclats de sang,
sense crits de guerra, només irrigant
la vida i la festa? Digueu-me, estimats,
¿quan us girareu, rentant els pecats
de tantes lectures fetes a deshora,
cap al gran país de més de cent llengües,
cap al paradís?

[Carles Torner]

Article 45: The right of very wicked children

Che possano essere amati
Per i loro occhi puri
“Abbronzati” o “non abbronzati”
Purché la vita duri

Che abbiano una casa
E possano studiare
Le lingue (la loro e le altre)
Ogni origine è da preservare

Che sia sempre mattino
Grazie a loro nel mondo
Che sia multicolore il girotondo

L'Europa sia dei popoli o non sia
Stringiamoci per mano
Non c'è altra via

[Fabio Scotto]

Article 50: The damned and the pilgrim fathers

Na proa viveram as vésperas de um primeiro
achamento ao depararem com a terra sonhada à noite na
oval das coxias, grávidos da visão augural que os movera
sob estrelas móveis e assombros marítimos.

Em terra fundaram os alicerces da primeira casa,
ergueram estábulos e igrejas, janelas abertas
para o mar. A primeira noite dormiram-na ao relento
(capitação de víveres, plegária pelos mortos
atirados à praia, elóquios mudos com o Senhor).

Na manhã escalaram a parede das montanhas;
deram o nome de santos e de coisas conhecidas
a quanto ficava até perder-se a vista.
Almoçaram peixe cru sobre folhas de milho.
Deixaram a tremular no alto uma bandeira.

Destros na arte de remover rios e montanhas,
multiplicaram as formas do traje e do toucado,
os artefactos de morte e a parafernália do desejo.

[Paulo Teixeira]

Article 56

Cuando yo tenía catorce años, eran largas y duras las
horas de mi trabajo.

Yo amaba el sol y la tierra, y los gritos de mis amigos en el
soto, y todas las cosas que dan salud y amistad.

A las cinco del día, en el invierno,
mi madre iba hasta el borde de mi cama
y acariciaba mi rostro Hasta despertarme.

Aún no amanecía, pero yo estaba obligado a comenzar ya
mi trabajo.

Esto no es justo, pero era hermoso y por las calles y
escuchar mis pasos
y sentir la noche de los que dormían y comprenderlos

como a un solo ser,
como si descansaran de la misma existencia todos en el
mismo sueño.

Ya no puedo escuchar el canto de los muchachos sobre
las praderas,

pero algo más grande y más real que yo
hay en mí, llena mi pensamiento.

[Antonio Gamoneda]

Article 67: Agriculture and fishing

Escritas no vento están
lembranzas das colleitas doutros días,
o recendo untuoso dos muíños aceiteiros
o lento levedar nos fornos
da fariña que moese a maxia
de auga e pedra en harmonía.
Deica cando a tristura dos campos íngremos, do chan
asolagado por detritos,
das oliveiras chapodadas, das montañas de pomas
podrecendo e os pés de viña arrincados de raíz?

Gravados na ondada galgan
recordos de pescas ventureiras
de sacadas de tranchos e sardiñas
de polbos e congros postos a secar
nas estacadas orientadas ao poñente.
Deica cando a traxedia dos mares estériles,
sen peixes que erguer nos amocelos?

[Xavier Queipo]

Article 68: Environmental policy

Sobre la calcificación de las semillas caen flores
abrasadas en la penumbra de mi pensamiento.
Veo lana sangrienta y, en los alimentos, grasa mortal,
pústulas negras y, bajo ramas
inmoviles, números infecciosos.
Arden los huesos, oigo la fermentación del rocío: lloran
los árboles torturados.
Hay llagas sucias en la luz, veo el temblor de las últimas
aguas
y el espesor de aceites industriales bajo los lóbulos de las
amapolas.

¿Es esta la tierra ? Estaba limpia bajo las estrellas.
Haced algo. No la dejéis morir. Daos prisa.
Van a pudrirse los solsticios vernales. Encended la pureza.
Pronto :
ya los insectos amarillos avanzan hacia mi corazón.
h ? Once it was clean beneath the stars.
Do something. Don't let it die. Hurry.
The spring solstice is going to rot. Ignite purity. Right now:
already yellow insects swarm toward my heart.

[Antonio Gamoneda]

EUROPEAN HYMN

The European hymn is being given new words.
Beethoven's Ode an die Freude is to be sung using the
word for bread in every European language, official and
excluded. The major world languages and several minority
languages will also make their appearance.

Pane, pano, pain, pan, pa, paõ
Psomi, ogi, ekmek, khobz
Lehem, xumel, kenyér, maize
Paîne, duona, kruh, büke, hatz

Chléb, chlieb, chleb, chlib, chleb, chleb, hleb, chljab
Hleb, hljeb, leb, leib, loaf, leipä
Broyt, bröd, brood, brød, Brot, brød, brauö, bread
Bara, aran, bôle, pan

Roti, balo, roti, bolo
Pahng, bureddo, mianboa
Roti, lipa, t'anta, senkgwa
T'anta, mbuuru, mikati

Pan, tinapay, nan, isonka
Pan, isinkwa, borotho
Roti, Brout, dabo, parãoa!
Chléb, chlieb, chleb, chlib, chleb, chleb, chleb

Italian, Esperanto, French, Spanish, Catalan, Portuguese
Greek, Basque, Turkish, Arabic
Hebrew, Romani, Hungarian, Latvian
Romanian, Lithuanian, Slovene, Albanian, Armenian

Czech, Slovakian, Russian, Polish, Belarusian, Croatian,
Bulgarian
Serbian, Bosnian, Macedonian, Estonian, English, Finnish
Yiddish, Swedish, Dutch, Danish, German, Norwegian,
Icelandic, English
Breton, Gaelic, Frisian, Occitan

Urdu, Bambara, Malay, Ewe
Korean, Japanese, Chinese
Bengali, Lingala, Quechua, Sepedi/Northern Sotho
Quechua, Wolof, Swahili

Japanese, Filipino/Tagalog, Persian/Farsi, Xhosa
Papiamento, Zulu, Sesotho/Southern Sotho
Punjabi, Luxembourgish, Amhaars, Maori
Czech, Slovakian, Russian, Ukrainian, Belarusian, Polish,
Sorbian

[David Van Reinbrouck]

FINAL PROVISION

Fui ciego como piedra de cripta hasta que un día vi en el
mundo las manos verdaderas.
No eran las manos sino aquella forma de estar unidas sin
tocarse como las hojas en el bosque.

Ahora sé que el único canto, el único digno de los cantos
antiguos, la única poesía, es la que dice su amor a este
mundo, a esta soledad que enloquece y despoja.

Yo me callo, yo espero hasta que mi dolor y mi esperanza
sean como que anda por calle,
hasta que pueda ser yo mismo en el cuerpo de todos los
seres humanos
hasta que pueda ver con los ojos cerrados el dolor que ya
veo con los ojos abiertos.

[Antonio Gamoneda]






11 XUÑO DO 2009 - NÚMERO 774

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**

REVISTA
CINEMATOGRAFICA
ESPAÑOLA

Nº 1.355
AÑO XXVI



Unidade familiar nº3

A mediados dos anos sesenta, o Concello da Coruña aprobou o Plan Xeral de Ordenación Urbana da cidade, redactado por José Antonio Corrales en colaboración con Ramón Vázquez Molezún e J. Pagola. Nese plan, incluíase un sector B do polígono de Elviña onde Corrales construíría un edificio que, durante anos, sería a fachada da Coruña no seu acceso principal, o da estrada Coruña. Tratábase da Unidade veciñal nº 3, hoxe mergullada no vertixinoso crecemento do polígono pero, aínda así, dotada dun perfil escultórico que a converte nun dos fitos da arquitectura galega da época. Corenta

Unidade veciñal nº 3

anos despois da construción daquelas catrocentas vivendas articuladas por Corrales nunha unidade mixta, Miguel Toba Blanco reconstrúe a historia do edificio nun volume que acaba de editar o Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) e que serve, ao mesmo tempo, como testemuño do *desarrollismo* do réxime de Franco, que inaugurou o complexo en apoteose de masas. O monográfico que presentamos é unha selección dos textos incluídos no volume a través das voces de Corrales, Fernández Albalat e Milagros Rey Hombre, estes últimos vencellados a outros módulos de vivendas do sector B e amigos do arquitecto nacido en Madrid no 1921.

ESPAÑA
EN
DESARROLLO


LA CORUÑA

ESPAÑA
EN
DESARROLLO

LA CORUÑA

ESPAÑA
EN
DESARROLLO

LA CORUÑA





Miguel Toba Blanco: “A Unidade veciñal nº3 de Elviña pódese considerar como unha unidade mixta. As vivendas están distribuídas principalmente en tres longos bloques liñais, paralelos e illados; unidos, non obstante, mediante pontes. Son bloques que varían entre seis, sete, oito e nove andares –perpendiculares ás curvas de nivel dun terreo que presenta unha pendente particularmente acusada en dirección leste-oeste–, con acceso norte. [...] Debido á pendente do terreo, trazáronse dúas vías peonís. A situada na cota inferior do terreo segue a fachada norte –pola que se accede aos portais das vivendas e aos aparcadoiros exteriores– e liga cunha rede de camiños conectados a unha praza pavimentada sobre o garaxe, con locais comerciais arredor e, sobre eles, oficinas e a gardería infantil. A medida que ascende, conecta cunha rampla situada na cota máis alta do terreo, situada no bloque 1, e que dá acceso ás galerías: espazos de relación que dividen horizontalmente os longos bloques. Trátase de espazos públicos integrados nun volume de uso privado”.

“Estas galerías situadas nos bloques liñais están enlazadas entre si por unha pontes, ligados á súa vez cunha vía peonil inferior por medio de tres montacargas e unha rampla, integrando esta o volume que alberga o supermercado”.

“Durante a obra houbo dificultades para lograr un sistema de encofrado idóneo. O recurso foi un encofrado metálico formado por pezas horizontais de vinte centímetros, que esvaraban horizontalmente, penduradas dunhas plumas establecidas na cuberta. Este encofrado, con seis metros de lonxitude, fixouse aos soportes do formigón”.

José Antonio Corrales: Foi un sistema de encofrado elemental do que por certo, apenas lembro os pormenores. De forma case simultánea á Unidade veciñal, tiven unha outra moi semellante en Vigo promovida por un parente meu empresario. Tamén eran bloques en altura. É un proxecto moi interesante porque o promotor trouxo de Noruega uns carpinteiros especializados na instalación de formigón escorregadizo, unha fórmula moi empregada nos países nórdicos naquela altura. De feito, non coñezo ningún outro exemplo deste sistema en España. Estas

vivendas están realizadas cuns pequenos muros de 15 ou 20 centímetros de formigón encorregado e unha lousa na súa parte inferior”.

Andrés Fernández Albalat: “Dentro destas unidades, a que estaba máis ao sur era a de José Antonio Corrales. A súa foi unha solución máis radical; aínda así, creo –con todos os respectos cara aos meus compañeiros– que foi a máis singular e a de máis calidade. O que aconteceu é que despois houbo problemas de construción. Non de proxecto, senón de materialización da obra... Xa que as obras se facían con pouco diñeiro, os formigóns vistos ocasionaban problemas de mantemento; é dicir, que non se trata de problemas de tipo conceptual senón de materialización da arquitectura.

“Entón ficaban as xuntas de traballo que eran as que se vían despois. Porén, no edificio de Corrales, apareceron unha serie de fendas debido ás dilatacións. Despois tiña unha pintura plástica que na verdade lle acaía como unha lepra... Quizais, o que acontece, é que era unha arquitectura para a que non había diñeiro, nin controis ríxidos, nin unha sociedade que os asumise...”

Milagros Rey Hombre: “Houbo unha auténtica batalla coa cimentación, polo nivel freático, polo lodo..., co terreo en xeral. Non había terremotos, que tería sido xa o máximo... Era de arrepío! Debeunas pasar! Eu tiña entón moito traballo fóra da Coruña, e entraba e saía por Lavedra acotío vendo como avanzaba todo lentamente... A que está pasando aí Corrales! Era horroroso! E todo arredor, aínda sen construír...”

Miguel Toba Blanco: No momento que se contruíu non había nada no contorno, só nucleos rurais. Formulouse, acaso, como unha solución aos problemas de bordo dos polígonos ou como unha galería-mirador ao mundo rural?

José Antonio Corrales: “Non, era un terreo onde non había nada. Naquela época, a cidade da Coruña acababa aí e non había nada máis. Era o bordo da cidade. A galería a media altura –tal como dixeran antes– era un invento para evitar pois que houbera 40, 50 ou 60 elevadores, e para establecer

un espazo, que podería denominarse intermedio, entre o ámbito privado que é a vivenda e o espazo público. Agora non hai espazos intermedios entre o privado e o público, estes espazos fracasaron na nosa xeografía porque a xente non os quere ou porque non desexa relacionarse co veciño. Algo así podería parecer que ten interese desde un punto de vista sociolóxico, mais non é así. Teño feito tamén outras cousas semellantes –como unhas vivendas en Madrid, tamén cunha rúa intermedia semipública– e tampouco funcionaron. Entón penso que esa non é a razón. Por outra banda, ignoro se outras actividades veciñais teñen unha galería así”.

Milagros Rey Hombre: “Desde a galería vese toda a contorna exterior, mais creo que el non se fixo ilusións respecto diso. Aínda que se falou moito dunha posible zona verde, eu creo que nunca se fixo ilusións despois de ver os prezos que a xente manexaba na Coruña e o grao de especulación que se instalara na cidade. Iluso desde logo era...”

Andrés Fernández Albalat: “José Antonio Corrales é un extraordinario arquitecto, mais tamén moi teórico. O que se preguntou foi se a altura máxima se pode percorrer sen elevador, daquela dixo: *pois metemos un elevador ata aquí e pomos o número de andares aos que é posible subir ou baixar sen elevador*. Así de doado. Exposto deste xeito o asunto pode resultar excesivamente teórico... Creo que, desde o punto de vista das persoas da rúa, é unha cuestión que se explica en por si. Neste sentido, os arquitectos somos moi radicais: obrigamos a xente a vivir como queremos nós...”

Miguel Toba Blanco: Tiñan sentido social as vivendas? Eran diferenciadoras; é dicir, había unhas máis privilexiadas do que outras?

José Antonio Corrales: “Non. A categoría era a mesma. O que acontece é que había moitas clases de vivendas: de dous ou tres dormitorios, e de distintas tipoloxías de catro. Entón, o bloque tiña unha profundidade, mais o piso de arriba podía ser menos profundo ou ao revés... Todo formaba unha

macla tratada como unha escultura. Había que ver os tres bloques e a interacción formal dun co outro. Se o bloque estaba metido nun determinado sentido, o do outro estaba completamente relacionado.

“Os bloques son máis anchos nos andares inferiores e máis estreitos nos superiores. Cada vivenda ocupa sete módulos; é dicir, que cada sete módulos forman unha nova unidade de modulación. As vivendas teñen un mínimo de anchura e un máximo de profundidade, dando lugar así a máis vivendas en menos fachada. Os diferentes tipos oscilan entre 77 e 146 metros cadrados, construídas cun módulo de 1 metro, e cun pequeno patio de servizo, xa sexa no interior ou na fachada”.

“O mobiliario e a inauguración. A tarefa que comprende o estudo dunha vivenda económica non pode rematar co simple proxecto da súa construción, por moi pormenorizado que for. Existen unha serie de factores que complementan o proxecto e que, sen o seu estudo, non pode considerarse completo. Un destes factores é o mobiliario. Un motivo suficiente para realizar –como de feito se fixo– unha serie de ensaios nas vivendas que construía a Obra Sindical do Fogar. Eran mobles sinxelos, de baixo custo, accesibles para todas as familias. suxeridos por certo na revista ‘Hogar y Arquitectura’.

“Na Unidade veciñal número 3, a propia arquitectura solucionou en parte o problema do mobiliario. A estrutura do edificio e os elementos de fábrica de ladrillo cumprían esa función: conformando bancos corridos baixo a fiestra ou, ben, chemineas e estantes. O obxecto non era outro que obter solucións satisfactorias para todos os problemas de economía, funcionalidade e beleza que se puidesen formular. Como acabados as portas e bancos eran de okumen tinxido de nogueira escura e encerada”.

Andrés Fernández Albalat: “Había unhas torres que tiñan un mobiliario, desde o meu punto de vista, moi agradable, axeitado. A xente que sintonizou con esta estética só tivo de lle engadir máis cousas nesa liña...”



Interior dunha das vivendas coa decoración, realizada por Peque Corrales, esposa do arquitecto



para a xente afín ao Rococó, con certeza que se formulou algo así como: E que fago eu con este armario tan grande de vidros? Onde o meto?

“Se os inquilinos tivesen sido matrimonios de mozos recién casados, o éxito estaría garantido. O de introducir o mobiliario foi unha cousa que fixo coa colaboración da súa muller, Pequ Corrales, moi introducida neste ámbito. O que fixeron daquela foi amoblaren unha das torres para a inauguración, para que se vira como se poderían decorar as vivendas con pouco diñeiro...

“Cando Le Corbusier di que a vivenda é unha máquina de vivir, non acredita nin el. O esencial é que haxa indicios así nun arquetipo, de humanidade na súa arquitectura, que impoñan un pouco. É o que lle pasou a Oiza nas vivendas da M-40. O ideal sería facer unhas vivendas máis ben neutras, para que os seus ocupantes as vivan despois como queiran e lles impoñan a súa personalidade. Isto non cabe dúbida que sería o ideal, o que acontece é que cando se anda apertando e buscando o metro cadrado...

“O que percibes nas casas moi modernas é que pretenden facelas ao antollo dos seus usuarios. Queren ser tan modernos que aínda sei duns que a fixeron e despois tiveron que a demoler. Quixéronse facer unha cama de matrimonio con ladrillos, sobre o que porían un colchón. O feito é que cando quixeron cambiar a cama tiveron que chamar un albanel...! Moitas veces esa elasticidade que ten que aportar o ‘vive como desexes’, pois na arquitectura resulta moi estrita e non se cumpre. Por esa razón, coido que teríamos que ser máis neutros...”

Andrés Fernández Albalat: “Tamén hai que dicir que o impacto sociolóxico foi moi importante. Aquí viñeron moitísimas familias que foron expropiadas; é dicir, que se empregou o polígono como un fondo de acollida de familias desafiuzadas para materializar outros polígonos... Porén, cos beneficiarios das fases anteriores resolvéronse regulamentariamente os

proxectos de expropiación e as súas alegacións.

“Para non ter problemas, Salgado quixo darlles a opción de os aloxar aquí, pois eran unhas condicións moi boas; porén, que pasou despois coas vivendas? Primeiro que a poboación que alí foi era moi heteroxénea e, ao comezo, pode que descontenta: aínda que en moitos casos eran unhas vivendas mellores que as que tiveran antes, non cabe dúbida de que mudaban de sitio, e que tiñan que facer fronte a un alugueiro. É dicir, que houbo unha reacción social cos seus máis e os seus menos...”

“Eu coido que tamén habería que os ter materializado neste novo tipo de barrio. Nunha ocasión, Mario Gabilla, o sociólogo, estivo a ver a área nunha ocasión que veu á Coruña. Pareceulle francamente interesante, mais dixo que había que ver como se comportaban os seus habitantes co tempo, posto que non estaban afeitos a esta macroarquitectura”.

Milagros Rey Hombre: “A mudanza de contorna foi brutal. A maioría dos veciños estaban atavicamente afeitos ás súas casiñas... Naquela extensión había 2.800 propietarios... Pensei moitas veces que os edificios deberían estar baixo a tutela do Colexio de Arquitectos iPolo menos durante unha temporada, ata que a xente se afixese a eles! Porque as situacións anómalas xorden precisamente da estrañeza perante un espazo que non é familiar”.

“Eu estaba en Madrid na Escola de Arquitectura, a facer uns cursos con José Fonseca sobre vivenda protexida. Entón ofrecéronnos controlar uns polígonos na construción. A min tocume Entrevías. Alí atopei unha chea de situacións cada cal máis de abraiar, como unha casa na que converteran o aseo na corte da cabra que, ademais, comía no baño! Lembro que lle preguntei: ¿Que fixeron vostedes? ‘Como baño non precisabamos e aquí ninguén está doente...’ Fiquei pasmada. E como esa, mil anécdotas!

A xente estaba afeita a vivir como un ser humano normal e non sabe como utilizar nin a súa propia casa...! Tanto se enfadou José Fonseca que falou, mesmo, de crear uns campamentos de concienciación para ensinarlle a xente a utilizar o edificio...”

Miguel Toba Blanco: ¿Houbo algún precedente dun conxunto así na arquitectura española, coa mesma ou parecida estética?

Milagros Rey Hombre: “Non, que eu saiba. As garderías de infancia dependían do Ministerio de Educación e Ciencia, así que tiñan que homologar as dependencias. Como viran que estaban acaroadas a un edificio que non lles correspondía, denegábanllela sen máis. A Santa Madre Igrexa facía algo polo estilo cos seus templos. Dos cuarteis nin falo, porque foron o meu pesadelo particular. Cada institución do Estado considerábase a si propia como un illote independente que non podía estar a expensas doutro do lado. Polo tanto, tiñan que ter propiedades ás súas expensas claramente deslindadas das outras.

“O seu era un concepto esencialmente escultórico. Ademais, estaba naquela curva que se vía perfectamente, daquela non había todas as marabillas que hai agora, pois víase na baixada e era como unha porta preciosa á cidade”.

“Unha das cousas que caracteriza a Corrales é un profundo sentido común e, como é lóxico, o primeiro que fixemos alí foi revalorizar os terreos do outro lado nos que máis tarde comezarían a construír como tolos, e non cumpría facerse ilusións”.

“Eu só podo deixar constancia do fermoso que era antes de que tapasen esa vista: toda esa galería cos niveis e as súas proporcións estupendas, aquela curva que se ve ao descender desde o alto da avenida de Lavedra...”

Miguel Toba Blanco: O conxunto ten un deseño que soporta ben o paso do tempo. É un edificio que podería ser completamente actual e xa ten máis de corenta anos!”

Andrés Fernández Albalat: “Si, si. Hai cousas que resisten ben. Son solucións moi de Corrales, moi afíns á súa personalidade. Mesmo nos traballos que fixeron xuntos Molezún e mais el, hai veces que se percibe de inmediato a pegada de José Antonio; en cambio, noutras, vese a de Ramón”.




Arriba, información periodística sobre a inauguración das vivendas por parte de Franco. No centro, perspectiva das vivendas co mar ao fondo. Abaixo, proceso de construción



18 XUÑO DO 2009 - NÚMERO 775

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Estíbaliz Espinosa

Fascinada como Sapiens por esa especie paralela, o Neanderthal, que non tivo o éxito na súa supervivencia, Estíbaliz Espinosa ofrece en *Discurso hibridado con* un diálogo –ou un monólogo– entre unha muller neanderthal e un sapiens actual. Incluído, formalmente, na vertente como narradora de Espinosa, o texto colle un desenvolvemento truncado –“En nós tamén latexaba a mesma incerteza”– como o seu propio título e recupera a figura de neanderthal que anteriormente aparecera xa na poesía da autora. Nacida na Coruña (1974), Estíbaliz Espinosa revelouse

Discurso hibridado con

Estíbaliz Espinosa

nos estertores da xeración dos noventa como unha poeta que rebentaba a sintaxe verbal con imaxes de poderosa radicalidade. Volumes como ‘Libro de ler e desler’ –que lle valeu o Premio Esquío– ou ‘Número’ amosan o seu complexo percorrido lírico, mergullado progresivamente nas claves cibernéticas ou do discurso da identidade. A súa obra, porén, non se limita unicamente á literatura senón que se prolonga no teatro e na música como cantante de estremecedoras cordas. Con ela e co seu relato, Revista das Letras comeza os seus monográficos de verán, que ao longo dos próximos meses lles achegarán aos lectores algunhas das propostas máis inquietantes do panorama creativo do país.



“A cuestión máis importante podería ser que a extinción dos neanderthais non é unha novela paleoantropolóxica desordenada mais coherente; é máis ben un conxunto de relatos breves –relacionados pero singulares– verbo da extinción”.

Stephen S. Hall, *Os derradeiros neanderthais*, National Geographic, set. 2008

a gora que estamos sós os dous.

Senta. Ponte cómodo. Queres tomar algo? Sírvede. Hai xeo na Antártida e auga no Sil. O whisky tardará uns miles de anos en se inventar.

Aquí deixamos que a froita apodreza. Fermente. É o noso xeito. Deixar facer. Non intervir.

Embriagamos con ela. Bebémola, quero dicir.

Sírvede ti mesmo. Que tal andas? Ben?

Aquí, lendo un pouco, non?

Ben. Ben. Iso está ben.

Xera ganancias ás fábricas de papel, aos oculistas. Xustifica a rede. É o noso pretexto para vivir. Oír e ser oídos. Escribir e ser lidos. E ler.

Se ti non estiveses lendo, para empezar eu non existiría. E iso é enormemente tiránico. Enormemente diabólico. Decatas? Nazo da túa necesidade de ler e morrerei cando te sacies. É algo que me pon un chisco nerviosa. Perdoa. É algo que me pon un chisco nerviosa.

Queres que che conte de min.

Con que propósito?

Ah, ben, paréceme ben. Queres que che conte de min para, nunha especie de bucle referencial, falar de ti. Explicar a túa presenza. Que é o que te engasta a este planeta que partillamos.

Se é que nos foi dado partillar algo.

De acordo. Admito que me chames home. Admito que me chames de Neanderthal.

Son muller e vivín noutro lugar. Pero iso importa cero.

Admito que me resumas obrigada a vivir aquí, esmagada contra esta páxina, reducida a texto.

Admítooo case todo. Non estou en condicións para rebelión ningunha. Para reivindicar nada. Son como eses homes esmagados contra un pouco de terreo un segundo antes de saber que desaparecerán. Nós tamén. Os meus tamén. Eu.
Tamén.

Tamén crimos inmortais, coma vós, coma ti. Xogamos á posteridade, á duración por riba das eras xeolóxicas, os fósiles, os invernos. Xogamos a conxurar a noite. Resúltache cómoda esta frase? Elixina conscientemente para ti. Unha sentenza digna da vosa literatura. Coas súas trampas. A súa zumegante miraxe de conciencia cósmica. Xogamos, si. Talvez a mesturarnos convosco. Queres que sente aquí, onda ti, e che conte como dende os nosos rudimentos, o noso encéfalo inflamado, o noso medo e a procacidade que leva aparellada, queres que dende a nosa aparición sobre esta terra que chamades vosa che explique a coexistencia. A nosa coexistencia. A única que houbo.

Como convivimos e nos esgazamos.

Vós, homes.

E nós, animais.

Pero homes.

Queres que che explique ata que punto a túa vida actual débelle á miña. Ata que punto fomos deglutidos pola nada sapiens, asimilados a ela. Ou eclipsados. En que circunvolución do voso cerebro xira a memoria, si, pero a nosa. A da miña especie.

Nacín nunha fraga. Todos nacemos nunha. A fraga da nai, os seus vieiros secretos, nós seguimos un. Nacer é seguir un vieiro pautado hai miles de xeracións. Eu vin ao mundo entre follaxe, nun lugar onde as estacións sucedíanse e a algúns de nós matábannos. A miña nai respondeu aos meus choros cun gruñido. Comigo correría menos. Comigo era un elemento débil do grupo. Comigo a vida repregaba sobre si mesma para continuar o seu curso, si, pero comigo a súa morte tornábase visible, tomaba a forma de calquera depredador na beira dun río, de calquera par de ollos acazapados nas ramas. Eu, que era a vida, achegábaa un pouco máis á morte.

O noso grupo era escaso. Fráxil. Fortes os lazos. Coñeciamos o lume, o futuro simple, o amor. Quizais non era iso. Non tiñamos nome para iso. Os nosos nomes eran unha pura exclamación. A nosa cabezota entendía o bramido da caza e máis que devorar a carne, escoitábaa, retrucáballe. Comprendía a carne. Non a sucesión das estacións.

A miña nai desapareceu axiña e foi substituída por doce nais. Non sei expresar se a esquecín. Se o esquecemento só lle concerne á memoria, a miña memoria non era como a vosa. Así que o meu esquecemento tampouco o será.

Digamos que a súa faciana, a faciana da miña nai, non fun quen de atopala máis. Pero o meu grupo sabía curar feridas. Roturas. Rachóns. A dor primeiro se lambe. Logo tápase. Por último, cae.

Viámosvos. Ao principio moi de lonxe. Viámosvos cada vez máis numerosos e pigmentados. Consigno que seguimos o voso rastro e examinamos puntas de lanza inservibles, que deixabades atrás sen concederlles importancia, como quen puntos suspensivos ao final de. Erades esveltos. Ollabades para nós en fite. Pero nós tamén. O mesmo esplendor, aló, tralo barranco da meniña. Só a vosa altura deixábanos en crequenhas, a ras de vida, á espreita da noite.

Gustouche esa frase? É eufónica. Talvez o máis eufónico que pronunciei na miña vida, eu amasillo de músculo neanderthal da venerable Europa.

Por entón, o xenio chegaba a oleadas de África, onde xestara, á caloriña das bostas de rinoceronte, nas grutas preconscientes dun orgasmo expansivo e común. Por unha analoxía con todo o cosmos coñecido, quixestes poñervos en movemento percorrendo a sombra dos astros sobre vós, non permanecer atados a un lugar, a unha caza. A decisión foi ardua e talvez demorou miles de anos en debullarse. Mil anos para vós eran un pequeno paso para o home.

Nós cociñabamos a nosa lenta extinción a base de robustez inútil. Non sabiamos mentir. Non sabiamos. Só viámosvos chegar. Tocalo todo coas vosas mans vermellas. As nosas mans non eran vermellas. As nosas mans eran só mans. Mirabámolas cheos de desexo infantil.

Do desexo infantil de que desaparecédes do horizonte.

Incomódate iso? Faiche sentir o invasor do planeta. O simio malo. O que medrou demasiado. O que violou a auga e o lume. O que mentiu. Incomódate iso?

Non pretendo demonizarte. O meu cerebro é menos maniqueo có voso, o meu cerebro é vascular. Non quero demonizarte. Talvez si quixen comerte. Recordo terche devorado nalgunha ocasión. Eras un ser tenro, cheo de dúbidas. A miña especie devorábavos con singular pracer porque vos axexaba. Axiña fostes identificados cun animal de caza. Axiña vos asignamos o simbolismo do que chegou para nos nutrir.

Trabucamos.

Naturalmente, atragóate non saber nada máis de min. Por que corrín canda vós e gorecín baixo as vosas estalagmitas e chorei os basaltos que arrebolastes ás miñas doce nais. Agora que sabes falar a distancia e gardar un fragmento do teu cerebro en cofres delicados de código binario, agora atragóate a miña especie. Sáeche ao paso pola dereita. Pola esquerda. Sáeche ao paso polo norte. Polo sur.

Rodeado veste. Dos nosos ósos mudos que romperían a falar só con beliscalos. Pero quen belisca un óso? Quen é o rapaz de Lagar Velho? Agora pregúntasche se é que fun a túa irmá, quen matou a quen. Agora o cainismo. Agora a super-

vivencia. Agora o factor externo que nada tivo a ver contigo. O reemprazo cultural. O destino impreso nas incisións dun fémur. A astroloxía.

Vamos, ho! Se alimentamos da medula do mesmo animal. Queres que che explique quen fun porque no fondo só te fascinas a ti mesmo.

No palique dos namorados un quere saber do outro porque arela descubrirse como o salvador nunha biografía trágica. Conmóvenos o sufrimento pasado do namorado porque nos conmove sabernos o seu único auxilio. Canta máis desdita, máis morbosa salvación. Vós namorastes de nós, neanderthais, tan só porque o voso amor por vós tróuxovos ata aquí. Ata as beiras do meu pobo enterrado.

No meu pobo enterrado eu corrín, tiven fame, cantei, apareeime e parín. Non é o máis grande que acontece na vida dunha femia talvez, porén si o que o socava todo, as manotadas dun xigante repentinamente cego. Dos meus nove fillos, sobreviviron dous. Sabía contalos, un e dous. Sol e lúa. Vós e eu. Os meus fillos. O meu testamento escrito co finísimo trazo dunha pestana, dun capilar. Os meus sonhos neles. Este discurso neles. Queres saber se nalgún deles estaría a túa especie. O ADN mitocondrial. A túa especie. Queres verte a ti mesmo, microscópico, nadando no sangue fracasado dos meus dous fillos, o meu varón e a miña femia. Saber os nomes polos que os chamei. Se a nosa derradeira gorida foi Xibraltar ou. Se todas as letras e artigos e conxecturas que escribes poderán compór a resolución de.

Tamén a terra foi panxea e a deriva tansmutouna en continentes. Estamos tan afastados como só o poden estar os que estiveron así de preto.

Así que agora debes ser quen de aturar o meu silencio. Debes aprender a tolerar que os meus ósos non falen se non queren. Que o meu xenoma sexa equívoco e, aínda cando deixe de selo, a dúbida -esa que volve irresistiblemente tenra a vosa carne proteica- non vos permita atar as conclusións e archivar o noso caso.

Teredes que vivir co noso cranio máis grande sobre a palma aberta da vosa man.

Non vivimos tantos milenios para xustificar a vosa existencia. Non estabamos necesariamente destinados a vós. Ao voso radiocarbono. Ás vitrinas. Ao voso sorrisiño do tres ao cuarto. Ao voso eureka, dei con el. Non sodes o cumio do noso error. Non acendemos lume para chamarvos, nin para vos escorrentar. Non todo foi por vós.


Tamén nós percibiamos a pedra latexar co noso latexo se nos tombabamos boca arriba sobre os penedos.

En nós tamén latexaba a mesma curiosidade. A mesma insensatez. Tampouco nos abstivemos. Coma vós, tamén mutamos.

Deixa de ler. Mírame aos ollos. Si, achégate, por favor. Achégate á pantalla. Á folla de papel. Achégate.

Xamais poderás estar máis preto dun de nós que desta páxina chea de suposicións.

En nós tamén latexaba a mesma incerteza.



25 XUÑO DO 2009 - NÚMERO 776

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Xabier Cordal



Catro poemas (numerados)

Xabier Cordal

Transmuta é o título do libro que Xabier Cordal (A Coruña, 1965) publicará o próximo ano dentro da colección de poesía de Xerais. Conformado por unha serie de textos disidentes e heteroxéneos, *Transmuta* marca o regreso dun poeta esencial desde os anos oitenta en Galicia, membro do colectivo Ronseltz e artífice de títulos como *Fruto de teixo* (1993) e *A vella peneira a noite* (2001). Neste monográfico de Revista das Letras presentamos un adianto desa obra, conformada por catro poemas (numerados) que permiten achegarse a algunhas das claves da súa escrita actual: a paixón por remexer novas fórmulas que permitan artellar unha literatura política neste tempo de ideolóxicas transxénicas.

na morte de miña nai

no horizonte
de pedras tiradas e pétalas secas

emergen
as columnas, sólidas
coma unha visión,
escorre a auga polo tacto frío
das grandes pernas de mármore
puído e completo

a orde é severa

están suspensas sobre o vacío
(un lago, a órbita abandonada)

os síntomas non voltarían

encolleu os ombros, dispuxo
incendiar o corpo e o cadaleito
(debía facerse cativa
para coller no coche de volta
con figos e pasas
e uns zapatos novos)
bañouse

quedara así o aire despois de chover
con labios, transparente

a cúpula do mar azul
e os bosques barbudos

a alfombra do péxego
separou as xemas

entro no cuarto, abrázoa
tapo o pequeno cunha manta
da toupiña que quería saber
quén lle fixera aquilo na cabeza

e non hai mar despois do mar

non teñas medo

serei eu quen relate a túa historia
encima dun mantel branco
traído das illas do sol

rosa si
azul
non
que cousa, rosa
o sangue e a brancura
de rosa, si
que linda é a miña nena
que guapa vai
es a máis linda de compostela
deste poema es a máis linda
mira que guapa vas
unha rosa é unha rosa é unha rosa
as metáforas converxen no infinito
o infinito é azul

II

quérote
bailas?
quérote tanto
como tu queiras, amor
como tu queiras
daríao todo por ti
daría a vida por ti
estamos feitos o un para o Outro
(os dous, un, eu)
eses ollos serán para min
eses ollos negros non os quero ver chorar
eses ollos negros, o infinito é azul
ameite sempre
desde o día en que te vin
amareite desde o día en que te vin
toma dúas rosas
o infinito é azul
toma dúas rosas

III

ponte quieta
que te ame
para amarte, tu quieta
eu ámote
ámame, móvete
así, móvete quieta
pero no mía ni de dios ni de nadie
ni tuya siquiera
me gustas cuando callas
me gusta como andas
I want your sex
I want you so bad
Je t'aime
tu tranquila
tu quieta
móvete no infinito, aí quietiña

IV

córrete, queresme?

anda, quéreme
mira para min
se non te corres é que non me queres?
por que non te corres?
se estás embarazada, mátote
se non te corres é que estás cociñando
se non te corres é que a teño pequena
se estás cociñando, quéresme?
eu quérote, e tu, que?
mira para min
toma dúas rosas
pola boca? por detrás?
mira para min
sempre estás fregando
se estamos feitos o un para o outro
se non tes barqueiro nin remador
se vas tan guapa e eu
non estou, mátote
se eu non estou e ti non estás
limpando, mátote
mira para min

SE PARAS DE COCIÑAR
SE PARAS DE MOVERTE
SE QUEDAS QUIETA

os ollos negros
o ollo negro, azul
que guapa vas
o sangue e a brancura

os ollos negros

o ollo negro, azul
que guapa vas
o sangue e a brancura

os ollos negros
o ollo negro, azul
que guapa vas
o sangue e a brancura

Ocupan a gorxa da Fraga de Rioseco
 primoxénitas e mozos que asinaran a mellora
 disimulados no avesío, as catedrais de xardón
 largan ramos e teitan o ceo
 coma unha palloza, farán cando o inverno
 de toldo para a neve e baixo del han comer
 as pitas do monte último,
 que por certo marcharan
 do Campo do Oso máis ou menos
 canda os osos, aínda que as oseiras quedaron.
 Veñen filmar nativos, engastan o ficheiro
 na Dirección Xeral de Patrimonio, *apreciamos
 no seu proxecto a distancia de xuízo e a claridade
 con que os eruditos locais toman notas de campo,*
 carabina de precisión, camisa limpa
 e nunca perderán os nervios
 a causa da unidade de España.
 Tampouco parecía mala idea
 desde un punto de vista racional
 e sen paixón ningunha que a entubasen
 no complexo universitario para lle facer resonancias,
 extraerlle sangue por unha vía conseguida a tal efecto
 na arteria gorda do revés do pulso -partiran
 as do brazo, a chaira do brazo denegrida
 coma un campo de concentración-. E sábese
 que a ciencia médica progresa
 e o poema e o poema e o poema
 así que taba a boa da señora
 deitada de ollos abertos
 fronte ás praias de santa cristina
 en mala postura. Un fillo sensible
 decide facer metáforas
 da nación exánime con ela e o seu ombro
 durmido. O verdor lima viña da parte
 das postais cántabras, fozaba o porco, baixaba
 mazarocas fóra de ángulo en Lindín
 e o que quedaba daquela familia
 (na que cómpre incluír a rama serodia
 que se botara ao bosque de símbolos
 e enviaba telegramas ameazantes
 acerca da redacción correcta para a esquila),
 pois digo que a familia daba voltas
 ao choio, habíaos mesmo que navegaran
 con don manuel e sabían saltar
 de batuxo en batuxo segundo soprase
 o vento: converteran en dieta
 a nai que os pariu. Foron emotivos
 os partidarios dunha morte digna,
 de que os solpores durasen sempre.
 Pero cadraron: sería mellor mantela
 viva, *e nomearemos un cronista
 para despois do flan, que lle fale,
 que a atenda; as bolivianas
 teñen sona de dar cariño
 e traballan polo teito, agora,
 tamén che hei dicir, coma as de aquí
 non chas hai, as da aldea, as do barrio,
 e mira, con todo e as telenovelas,
 que non as perdoan, esas rapazas valen
 aínda que cobren un pouco máis.* Fragmentan
 cada escena da xuntanza timbres telefónicos

e algún nome estranxeiro, se acaso
románico neutral para a niñada nova,
a mai irritouse zapato de lado
ao pisar buleira mentres o cuñado pensa
no fillo que lle toca e éntranlle revelacións
a partir da nube que cega por un nada o estío.
Velaí, teclea el no *flashforward*, o ermo futuro,
sendo logo a historia unha cousa que dá medo,
reparou en que a súa prosperidade estaba feita
de pasos atrás e o pasado era o único digno
que lles quedaba. De forma
que un comando de obreiras a tempo
parcial e poetas en bruto agardaron
que o espremedor de imaxes durmise,
entraron no complexo hospitalario pola cociña
(as mulleres grises a unha banda e a outra
non torcen o pescozo, non coñecen
os libros sagrados), pillaron
o ascensor e chegaron á décima. A ela
alumeóuselle a cara, veña, témoslle liscos
e un portátil para que mire as criaturas
das profundidades. Consequimos
que pague o seguro, xa non ha fregar máis
escaleiras, o cal tampouco quere dicir
que os demais non sigamos fregando escaleiras
ou que esta acción simbolice algo, señora.
Mentres isto sucede os malos
sacoden o rural dos traxes, consultan
reloxo, arrancan berlinas pola ruta
britoniense, *levádeme, aí neniñas,*
esta xente non sei qué pensará que eu son,
encerránome aquí, tíranme o alento
e véndeno nas feiras. E vós? Nós
vimos dun naufraxio,
hackeamos arquivos ocultos, coa néboa
non se notará que somos poucas,
poña este uniforme de celador, ande axiña
non, se a queren completa sobe
un cinco por cen por quilómetro
de desprazamento, si si, non,
non se contaxia, adoita toquar
coma unha santa e mostra bon carácter,
a esperanza perdémola toda, acabamos
considerando que é ineficaz. Somos
ceibes, fabricamos avenidas, restauramos
palleiras, producimos bloques de cemento
e escamas de prata, cooperativas, espazos
para que os nenos xoguen, programas, a rúa
precisa cachote pequeno e non desfalecer.
Pola mañá arrecende no sinal
de tráfico con rotulador azul:
pan fresco e independencia;
díxoo Manuel Igrexas en Bande, era
1990 e recitou cunha folla de papel
nas amplas mans, sentado, entre refachos
eléctricos, “non, eu non quero escribir,
eu non escribo”, insistía, e dixo
moitas cousas e tamén dixo:
“a liberación nacional da miña cabeza”.
Os textos viñan desordenados
aí nunhas tapas de cartón, bañáranos
anos de silencio, tempo despois
e tempo antes. A liberación do corpo,
un lugar onde existe a dor.

O espazo tranquilo onde se ama.
A señora apañara un tomo branco
do andel, non sabería dicirvos cal. Sorriunos
ao pechalo, ergueuse, prendeu o móbil
para se poñer ao día e dirixiuse a nós
no cuarto da tele, aí, eu
acompañábavos con ben de gusto
pero vou maior, lévame a vida ver un muíño
de mareas e sacar o carné. As pupilas
brillaban. Aínda nos deu
para cantar, tras da noite
había outra noite,
pintamos cadros
e as paredes abríronse. Abrazounos
ao pé da porta,
viouse no camiño
de terra
para despedir a luz
feble.
Todo calou.
Fumamos cabichas
na ventá, debrozadas ao fresco,
convocamos a asemblea circular
das avelaías.
O grilo trizaba a lonxitude
das horas, falamos
os vivos, baixando a voz,
para que as crianzas
non espertasen,
e falaron
os mortos.

Na lista dos fuxidos había unha caverna
Brisaban os insectos de piche, xusto no medio
Das farolas, entre os coches, e ninguén vía na lama
Sempre hai un tolo a sorrir con medio corpo dentro da boca
Do sumidoiro, descruzando os cables, soñando
Que prepara unha intervención militar contra as luces
Da cidade estrelándose no seu dente de prata, e forma
Parte da tribo dos náufragos, intercambian sinais
En papel vello, cinematógrafo, saben como ninguén
A cantidade de ratas que poboan o relato do éxodo,
Como as ratas e o seu ácido prénzil dan pasado
Pola mínima regaña que a desesperación, un luxo
De cigarro nocturno contra a parede, abre nos tixolos
Do chan de Londres, tanto que un exército de homes reais
Receba as avenidas, hai medo, si, que esfrague a paisaxe
[dourada
Das tubas unha noite de neboeiro íntimo ou tal,
Cando os equipos da música das esferas deslizan o seu seseo
De vehículo intelixente polo asfalto. Os fuxidos
Agardan, son mudos –pero xa dixeran que sorrían- e vedoiros, e
As chafalladas que pintarraxan foran despois da caída
Da civilización, estiveron na guerra –pero non é verdade-,
Compartiron o trono coa voz de quen varou mil veces
Na sala de espera con cortinas lixeiras separando un delirio
Do outro delirio, abren portas, cerran portas, escúsanse
En poemas coma un morcego se colga do revés na cortina
Da pensión onde o remedio para a tristura dos primeiros
[namorados
Que houbo na terra se acarician baixo a lámpada sen alento
E confía luz un ollo ao outro ollo, fronte a fronte no escuro,
Sen ousar palabras. Os fuxidos
Viron estragar o nome que conforta, van armados
De xabre e nivel e contrafortes para cando senten baleiro
O futuro, o ruído incomprendible do insomnio,
A caída, agóchanse, se cadra simulan vivir nas casas
Prefabricadas e o seu cemento primordial
Escorre sude, a estela da rebelión -e sorrín, xa dixera-
Deixa ao acaso un oco marcado coa aspa do tesouro antigo:
Crúzanse, coñécense en silencio, víranse
Entón o rostro polo arrabaldo, apontoan ruínas e
Mestres desaparecidos, os que perderan toda esperanza.
No seu catálogo, na lousa do cemiterio gremial –pero non é
Verdade- vai a certeza que sempre tornamos
Cando o vento que anuncia a última onda sorprende o cabelo
Do paseante, cando nos asombra a negra vertical do océano
Sobre os ombros dos deuses sobre os edificios e a historia
Nos arrastra con estarabouzo, aí nos encontraremos.
Por tal motivo en todo este poema
Ningún momento parece falar de amor.